

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI  
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA  
DEPARTAMENTO: INGLÉS  
DATA: 7 DE MAIO DO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedemento</u>: consistirá no seguimento das actividades feitas polo alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Adaptarase o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</li><li>- A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.</li><li>- En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.</li><li>- Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades/traballos/probas telemáticas, que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</li><li>- A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019/20 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Terase en conta a cualificación das avaliacións primeira (40%) e segunda (60%), e contará positivamente o interese pola realización das tarefas propostas na terceira avaliación.</p> <p>Para o alumnado que ten aprobados os trimestres anteriores:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Valoraremos o progreso das avaliacións anteriores calculando a progresión obtida, á que lle sumaremos un máximo de dous puntos correspondentes á valoración do traballo realizado no terceiro trimestre.</li></ul> <p>Para o alumnado que ten algún trimestre anterior suspenso, ou ambos, valoraranse:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As probas de recuperación/traballos/actividades que o profesor realice neste terceiro trimestre co fin de adquirir as competencias do/os trimestres suspensos.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As cualificacións de trimestres anteriores.</li> <li>- O traballo deste terceiro trimestre que solo sumará ata un máximo de dous puntos.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p><u>Criterios de avaliación</u></p> <p>Os criterios versarán sobre tódolos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres, asinando á primeira avaliación o 40% e á segunda o 60%. Ademais, engadirase a puntuación obtida nas tarefas enviadas para a recuperación dos contidos non asimilados durante as clases presenciais.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación</u></p> <p>A cualificación terase en conta partindo das anteriores avaliacións, valorando o traballo realizado neste terceiro trimestre, primando a flexibilidade.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u></p> <p>Seguimento das actividades enviadas a través da aula virtual e as tarefas enviadas aos domicilios nos casos correspondentes.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de reforzo, repaso ,interdisciplinares, globais e lúdicas.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Utilízanse metodoloxías alternativas: envío de tarefas por medios dixitais, tales como a aula virtual da páxina web do centro, e envíos de arquivos (tarefas escolares) ao Concello de Lugo para posterior impresión e entrega ó alumnado sen acceso a recursos dixitais.
<b>Materiais e recursos</b>	Materiais versátiles e recursos dixitais.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento que o profesorado utilizará para informar ao alumnado e ás familias será a aplicación móbil abalar, a páxina web do centro e as redes sociais.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.